



DATOS IDENTIFICATIVOS

Economía política e das institucións

Materia	Economía política e das institucións			
Código	V03G100V01913			
Titulación	Grao en Economía			
Descriptores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Arias Moreira, José Carlos			
Profesorado	Arias Moreira, José Carlos Teijeira Bautista, José Francisco			
Correo-e	xcarias@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	As institucións foron obxecto de estudio desde diversos enfoques na historia da análise económica, e nos últimos anos ocuparon un papel central na axenda de investigación da corrente principal da ciencia económica e das ciencias sociais. A concesión do premio Nobel de Economía a Ronald Coase, Douglass North, Elinor Ostrom e Oliver Williamson consolidou o avance da Nova Economía Institucional, e impulsou un esforzo interdisciplinar que pretende desenvolver a economía política contemporánea. Este curso proporciona dun xeito sistemático os principais contidos e avances da economía política e da economía das institucións.			

Competencias

Código	
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos más amplos como nos más próximos
C9	Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado
C10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
D1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
D2	Capacidade de traballar en equipo
D5	Habilidades para argumentar de forma coerente e intelixible, tanto orais como escritas
D6	Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o marco institucional da economía	C3
Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos más amplos como nos más próximos	C5

- Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado	C9	D1
- Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos	C10	D2
- Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos		D5
- Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación		D6
- Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos		D7
- Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas		
- Competencias ligadas á procura e organización de documentación e á presentación do seu traballo de maneira adecuada á audiencia		
- Ler e comunicarse en inglés no ámbito profesional		
- Capacidade de elaborar informes de asesoramento económico		
- Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo		
- Capacidade de traballar en equipo		

Contidos

Tema

Bloque Temático I: A importancia das institucións: 1- A economía política e o retorno das institucións

Institucións e Economía política	2- A análise das institucións na historia do pensamento económico 3- Economía das Institucións: vellhos e novos institucionalismos. A nova economía institucional.
----------------------------------	---

Bloque Temático II: Economía Política

4. Economía política da Democracia: Elección pública, Economía política constitucional e transaccións políticas
5. A importancia das reglas constitucionales: Política económica e Constitucións.
6. Economía, grupos de interés e democracia.
7. Federalismo fiscal: Economía e descentralización política
8. Mercados abertos: Economía política da restricción externa

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	18	40	58
Lección magistral	30	60	90
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descripción
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudio.
Lección magistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudio, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudiante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Prácticas de laboratorio	Pódense realizar tutorías en grupo sobre a evolución no proceso de aprendizaxe da materia.

Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Nas clases prácticas realizaranse probas e/ou traballos, consistentes na revisión, comprensión e exposición dunha obra de referencia sobre economía política por parte de cada alumno.	40 C5 C9 C10	C3 D1 C5 D2 C9 D5 D6 D7
Exame de preguntas obxectivas	Probas para avaliação das competencias adquiridas que inclúen preguntas tipo test e preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	60	C3 D5 C5 C9 C10

Outros comentarios sobre a Avaliación

- **Avaliación contínua:** Nas clases prácticas realizaranse probas e/ou traballos, consistentes na revisión, comprensión e exposición dunha obra de referencia sobre economía política por parte de cada alumno, que computará un 40% da nota final da materia. Ademais, habrá un exame final que suporá o 60% da nota final. É necesario aprobar o exame final para superar a materia.

O profesor asignará a cada alumno a tarefa que desenvolverá ao longo do curso nas clases prácticas (indicándolle a obra de referencia que lle corresponde a cada alumno).

- Alternativamente ao sistema de avaliação continua, o estudiantado poderá optar a ser avaliado cun **exame global** que suporá o 100% da cualificación.

Para aprobar a asignatura será necesario aprobar o examen final.

Estes criterios de avaliação manteranse para todas as convocatorias do curso académico.

Na convocatoria de **fin de carreira**, o exame suporá o 100% da cualificación.

As datas de exames deberán ser consultadas na páxina web da Facultade: <http://fccee.uvigo.es/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

- ARIAS, X. C. y G. CABALLERO (eds), **Nuevo Institucionalismo: Gobernanza, Economía y Políticas Públicas.**, CIS, 2013
NORTH, D. C., **Institutions, Institutional Change and Economic Performance.**, Cambridge University Press., 1990
ACEMOGLU, D. y J. A. ROBINSON, **Por qué fracasan los países**, Deusto, 2012
Arias, X. C., **La formación de la política económica**, Cívitas, 1996
DIXIT, A., **The making of Economic Policy**, The MIT Press, 1996
Papeles de Economía Española, **La calidad de las instituciones y la economía española**, 2021

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ciencia política: Ciencia política/V03G100V01101

Política económica/V03G100V01504

Políticas económicas comparadas/V03G100V01605

Plan de Continxencias

Descripción

==== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

==== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se modifican

As clases presenciais sustituiranse por clases virtuais usando o campus remoto.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías realizaranse usando o correo electrónico ou o campus remoto.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non hai modificacións.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Sen cambios.

==== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Se non é posoble facer exámenes presenciais faránse ó través da plataforma docente. A ponderación de probas non cambiará.